



Resolución do 10 de marzo de 2011, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se publica a listaxe definitiva de profesorado colaborador para impartir cursos Celga no ano 2011.

No *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do 18 de xaneiro de 2011 publicouse a Resolución do 7 de xaneiro de 2011, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se modifica a Resolución do 29 de decembro de 2006 na que se convocan listas de profesorado colaborador para impartir os cursos de galego promovidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, se establecen os requisitos que deben posuír as persoas aspirantes, así como os criterios de baremación que se terán en conta para a elaboración das listas e o réxime de chamamentos para impartir os cursos.

Transcorrido o prazo para comprobar a documentación que se requiría na disposición transitoria e, unha vez efectuadas as revisións solicitadas polas persoas interesadas, resolvo publicar a listaxe definitiva, de acordo co establecido nas bases da resolución mencionada na epígrafe anterior.

Os resultados publícanse por orde alfabética para facilitar a súa localización.

As persoas da listaxe que sexan chamadas para impartir cursos Celga deberán entregar, de novo, no Gabinete que faga o nomeamento, o informe actualizado de situación laboral e administrativa expedido pola oficina de emprego no que figure a situación laboral actual como DESEMPREGADO/A.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2011

O Secretario xeral de Política Lingüística



Anxo M. Lorenzo Suárez